



INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA

BARBANZA E IRIA

DOCUMENTO ÚNICO

1. Nome(s)

Barbanza e Iria

2. Tipo de indicación xeográfica

IXP – Indicación xeográfica protexida

3. Categorías de produtos vitivinícolas

1. Viño

Código de nomenclatura combinada:

22 - Bebidas, líquidos alcohólicos e vinagre

2204 - Viño de uvas frescas, mesmo encabezado; mosto de uva, excepto o da partida 2009.

4. Descrición do (dos) viño(s)

a) Viños brancos e tintos e Viños monovariaetales

— Breve descrición textual

Viños lixeiros, limpos, brillantes e ben cubertos de cor en fase visual; con aromas francos nos que se aprecian as características propias da materia prima da que proceden, con graduacións alcohólicas moderadas, con aromas florais e de froitas; en boca serán suaves, frescos, saborosos e equilibrados e, finalmente, con pequenos toques de acidez.

— Características analíticas xerais:

- Grao alcohólico volumétrico total máximo (en % vol.): Non se define

- Grao alcohólico volumétrico adquirido mínimo (en % vol.): 10 % vol. (en viños monovariaetales, 11% Vol.)

- Acidez total mínima (en gramos/litro de ácido tartárico): 5 g/l

- Acidez volátil máxima (en miliequivalentes/litro de ácido acético): 15 meq/l (excepto para viños que se comercialicen con polo menos un ano de envellecemento, nese caso este límite de acidez volátil será de 16,66 meq/l)



- Contido máximo total en anhídrido sulfuroso (en mg/l): 175 mg/l para os viños brancos e 150 mg/l para os viños tintos.

5. Prácticas vitivinícolas

5.1. Prácticas enolóxicas específicas

O rendemento na extracción do mosto e a súa separación dos bagazos non será superior a 67 litros de mosto por cada 100 kg de uva

5.2. Rendementos máximos

Variedades brancas

- 12.000 quilogramos de uvas por hectárea
- 80,40 hectolitros por hectárea

Variedades tintas

- 8000 quilogramos de uvas por hectárea
- 53,60 hectolitros por hectárea

6. Zona xeográfica delimitada

A totalidade dos termos municipais de Boiro, Catoira, Dodro, A Pobra do Caramiñal, Pontecesures, Rianxo, Ribeira, e Valga, así como parte dos termos municipais de Lousame, Padrón, Porto do Son e Rois, todos eles na Comunidade Autónoma de Galicia.

7. Variedades de uva de vinificación

- Albarín branco (Branco lexítimo)
- Albariño
- Brancellao
- Caíño branco
- Caíño tinto
- Chenin blanc (Agudelo)
- Espadeiro
- Godello
- Loureiro branco, Loureira
- Loureiro tinto



- Mencía
- Merenzao
- Ratiño gallega
- Sousón
- Torrontés
- Treixadura

8. Descrición do (dos) vínculo(s)

Os viños son reflexo das condicións termopluiométricas e agronómicas, e do factor humano, que se concreta no adecuado axuste varietal (utilízanse maioritariamente variedades autóctonas), a elección dos mellores solos (francos, profundos e permeables, característicos desta área xeográfica) e as correctas prácticas culturais, entre as que destaca a poda e condución das viñas, que se realiza manualmente e con mestría para facer un adecuado control do potencial vitivinícola. Todas estas condicións tenden a conferir aos viños producidos nesta comarca equilibrio e harmonía, excelentes expresións aromáticas e boas características de conservación.

9. Condicións complementarias esenciais (envases, etiquetaxe, outros requisitos)

— Marco xurídico:

Na lexislación nacional

— Tipo de condición complementaria:

Envasado na zona xeográfica delimitada

— Descrición da condición:

O envasado terá lugar na zona xeográfica delimitada.

— Marco xurídico:

Na lexislación nacional

— Tipo de condición complementaria:

Disposicións adicionais relativas á etiquetaxe

— Descrición da condición:

Todas as botellas levarán unha contraetiqueta numerada, que incluíra o logotipo da indicación xeográfica.



10. Ligazón ao prego de condicións

https://agacal.xunta.gal/sites/default/files/calidade-alimentaria/vinos/PC_Barbanza_Iria_xullo_2024_GAL.pdf